

CONTRATO DE SERVIZOS PARA A IMPARTICIÓN DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS PARA O PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO DA MANCOMUNIDADE DO SALNÉS 2019/20, EXPEDIENTE TR332A/2019-27.

PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN URXENTE.

ORZAMENTO: 64.093,00 €.

DECLARACIÓN DE URXENCIA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

A necesidade da contratación para a impartición **das actividades formativas para o Programa Integrado de Emprego da Mancomunidad do Salnés 2019/20, expediente TR332A/2019-27**, ten por obxectivo potenciar a calidade da formación, a súa eficiencia e eficacia, así como o impacto na empregabilidade e desenvolvemento profesional e a competitividade das empresas, para proceder á xustificación da subvención concedida a esta Mancomunidad pola Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral unha subvención de 250.000,00 € e cun cofinanciamento de 34.090,91 €, o custo total do proxecto é de 284.090,91 € para a posta en práctica de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante os anos 2019 e 2020, ao abeiro da Orde 7 de xuño de 2019.

O Plan de Emprego xustifícase coa inserción de demandantes por colectivo no mundo laboral, tales como: persoas desempregadas con discapacidade; mulleres vítimas de violencia de xénero; menores de 30 anos con baixa cualificación; menores de 30 anos cualificadas; desempregadas perceptoras de prestacións, subsidios por desemprego; beneficiarias da axuda do programa de recualificación profesional, mulleres desempregadas e persoas desempregadas de longa duración.

Vista a necesidade de levar a cabo a contratación do servizo consistente na realización de cursos de formación no ámbito de Programas Integrados de Emprego de Galicia durante o ano 2019/20.

A urxencia na execución do investimento ven dada porque haberá de iniciarse a impartición dos cursos nun breve prazo con obxecto de cubrir as necesidades do servizo e xustificar a subvención ante a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Considerando que operan os requisitos previstos no art. 119.1 da LCSP.

En base ó anterior, esta Presidencia entende xustificada a tramitación urxente do expediente, aos efectos do Art. 119.1 da LCSP.

Cambados, a 10 de xaneiro de 2020.

A PRESIDENTA,
Marta Giráldez Barral.

